BELUSO
RÚA NOVA
CAFETERIA

Especialidades de
**CAFE**

Irlandés
Jamaicano
Vienes
Gallego
Capuchino
Shake
Barraquito
Caribeño
Cremosito
Cubano

**VINOS**
Reserva y Crianza

Rioja
Rueda
Penedés
Ribera del Duero



Rúa Nova de Arriba, 93 BELUSO

**COLABORAN**

Fanta · Coca-Cola · Fundación nOvas · SARAIBA www.saraiba.net · Johan Carballeira BUEU Concellería de Cultura · ludocio · Estrella Galicia Hijos de Rivera, S.A.



DESEÑO E MAQUETACIÓN: SARAIBA

*Asociación Mozas e Mozos de Beluso*

IV edición – ano 2005

# A NOITE DO TRASNO

BELUSO 05



CABO UDRA

**12 E 13 AGOSTO**

www.anoitedotranso.org

www.mozasemozos.org




TNB
o teu lugar de reunión
BANDA DO RÍO
www.troulanabanda.tk
R. Alexandre Bóveda BUEU


# A NOITE DO TRASNO 2005

13 e 14 AGOSTO — CABO UDRA BELUSO (BUEU)

¿Quen dixo que este ano non hai Trasno?. Chegou aos meus oídos esta afirmación. ¿Como é posíbel que aínda haxa xente que teña dúbidas ao respecto?. Trasno hai sempre e haberá por moitos anos.

¡Aínda estou vivo!. Son consciente de que non me dou moito a ver. Ben certo é que todos vos me facedes unha visita de dous días todos os anos. Así é que vou cambiar, pasareime a visitarvos algunha vez. Pero sodes moitos, e tería que ir a moitos sitios: Madrid, Catalunya, Zaragoza, Euzkadi, Francia, Alemania... ; tamén a Muros, Noia, Lalín e demais sitios. ¡Uf! Vai ser moito e os cartos do Festival non me van dar para xustificar tanta dieta.

Bueno, a ver que fago.

O ano pasado fixo o saudo Xurxo Souto, pero este ano non vai poder ser que está moi ocupado preparando a actuación co seu grupo no meu Festival. Así que me toca traballar.

Todos sabedes que minto cando falo do meu festival. Eu poño a miña atractiva figura no cartel e falo cos deuses do tempo para que impidan que chova durante eses dous días. Xa sei tamén que pensaredes que copio aos anuncios publicitarios máis tópicos se digo que O TRASNO SODES VÓS. O Trasno é todo: a paixase de Udra, as praias iluminadas pola miña amiga a lúa, o zoar, a falta de aparcamento, os puñeteros socavóns das pistas - aínda hoxe- mal arranxadas, os rincóns sen ruido, as voltas dos camiños embelecidas de bicos furtivos e mans entrelazadas, a suor dos saltos ao ritmo que marca o escenario, os kinkis cos carritos de cervexa e a maldita inconsciencia do botellón que algún día fará certo o rumor de que este ano non hai Noite do Trasno (¿alguén pensa que os cartos os poño eu?, ¿ou Coca-Cola? ¿Ou o Concello? A barra -amigos meus- vós, as camisetas, os anunciantes e o moito traballo).

O Festival naceu coa mesma ideoloxía cultural e social que hoxe mantén. Esa idea tan moderna é das máis antigas: a Solidariedade; a Xuntanza. O cheiro e o encanto da reunión tradicional improvisada, a familia, a comprensión, o aire libre, a tolerancia con cousas diferentes das


MI TIENDA 181 Bueu TEJANOS & PUNTO
C/ Castelao Bueu

CONSTRUCCIÓNS Antón-Bueu
Pousada, 9 - CELA
Móvil 615396021 36939 BUEU (Pontevedra)

BAR ANOETA
WWW.ANOETAVIGO.COM

FERRETERÍA
BRION
MATERIAL ELÉCTRICO
FONTANERÍA
HERRAMIENTAS PARA
LA CONSTRUCCIÓN
Rúa Nova Ae Arriba, 10 - Telf 986 32 23 42 - Beluso

BAR
ROCA VIVA
Tapas variadas y vinos del país
Montemogos, 143
Tfno 986 32 10 89
BELUSO - BUEU

que non temos novas, o falar co colega do lado que non coñecemos e ao que nunca máis veremos nin recoñeceremos, as diferentes idades mezcladas nun ambiente máxico.

Estas dúas noites son vosas. Son nosas. A miña Noite non a fai nin A ni X, senón todo o abecedario.

Manda o sentido de non buscar recompensas económicas nin de publicidade personal. Manda o gusto por facer as cousas. Ben feitas. Por que son feitas por todos. Os que se ven e os que non se ven. Os que se oen e os que escoitan na obscuridade do anonimato. Por que nós o facemos todo e a nosa foto non aparece nin no cartel nin no libro.

O Trasno non son eu, non son dúas personas. Nin quince. Nin vintemil.

Nós sodes Vos.

Somos todos.

A troulear meus Trasniños que os tempos son chegados. ¡¡¡QUE EMPECE A FESTA!!!

Firma,
***O Trasno***



DEBUXO CAMISETAS 2005

A CENTOLEIRA
RESTAURANTE
CENTENARIO
PRAIA DE BELUSO, 27
BUEU 36.937 PONTEVEDRA



frutería
RUA NOVA
Edificio Fisan Telf. 986 32 24 86 Beluso-Bueu

CAFETERÍA-PANADERÍA-CONFEITARÍA
O Couto
MONTEMOGOS, 154 BELUSO
TELF. 986 320 539
- Parque Infantil
- Celebracións
- Cumpreanos
- Comunións
- Almorzos
- Platos Combinados
- Bocatas
- Pan Quente
- Empanadas
- Roscóns
- Tartas
- Pasteis
- Sala De Proxección
- Climatizado

# RECORDEI SETEMBRO

por Anguiám, J.R.

*Adicado, con sinceira modestia:*
*a todos os esquencidos que sofren e sofriron,*
*a quen me sofre.*
*Ao mel*

31 de agosto de 1991

Sei que hai moito tempo que non escribo neste diario, e é que sigo coa miña consigna de confesar nel as cousas que non lle conto a ninguén. Só a min mesmo. Os últimos acontecementos son importantísimos, e é que... inamoreime!.

Coñecina como se coñecen as estrelas adolescentes do Hollywood dos sesenta. Xogabamos á pelota e ela pasou. Con alguén máis. Non sei. Choquei cos seus inmensos ollos de cor amarelo. Dous baús de mel que o miran todo coas tapas abertas. Fixen un chiste barato de ligón de praia. Xirouse e sentinme docemente pegañento.

É faladora e simpática. Non tes que ir falar con ela, é ela quen te busca e se acerca. Unha boca inmensa, sorriso precioso, branco e sempre presente. Ten dezasete anos. Coma min.

Chámase Lovorka. É croata.

E marchou.

Houbo algún perigo porque a idiota da miña irmá fíxose amiga dela. Ante este panorama un córtase máis na hora de acercarse, porque a coña está servida. E así foi: que si "Lovorka coidame ao neno", que si "faille caso ao meu irmanciño..." E Lovorka fíxome caso. Teño que confesar aquí que foi o primeiro bico que me deu unha rapaza. E esto non é o que cren saber os meus amigos. Dende entón non me quito o seu pelo da cabeza, a súa cara ovalada, a pel incríbelmente suave. Vou á praia para que me fale docemente ao oído, que me conte o mal que lle van os estudios e que fala de min coas súas amigas ("¿tu no hablas de mi con amigos tuyos?").

NEUMATICOS
PORTO C.B.
* Neumáticos
* Equilibrado
* Baterías y accesorios
* Frenos
* Aceites
Rúa Nova de Arriba, 72 - Tel. Fax. 986 322 215 - Beluso - Bueu (Pontevedra)

Pero foise.

O ano que ven vou. A Dubrovnik, na costa de Croacia que queda enfrente de Italia. Aínda non llo dixen a ninguén (a ela si), e xa empezei a aforrar. O ano que ven terei dezaoito, e ninguén me poderá decir o que teño ou non teño que facer.

Estou namorado e é a muller da miña vida.



CONCERTO DE TERRAKOTA

27 de febrero de 2003

Foi todo un descubrimento atoparme de novo con este diario. É curioso que non tivese escrito nin unha soa liña en case doce anos, e que o final sexa un papel pegado cunha dirección. A miña irmá separouse do seu marido, e pensou que o meu ínfimo piso de solteiro era idóneo para ela e as súas dúas fillas.

Neste seu plan non contou comigo, pero tivo o detalle de facer un sitiño entre as caixas da mudanza e deixarme o suficiente para mal durmir no sofá. Na mesma liña, eu teño que facer limpeza xeral da desorde acumulada nos fondos dos armarios. Miña irmá axudoume nesta tarea levándose ás mocosas ao parque. E atopeino. Ao diario e ás ilusións pasadas. Atrás quedan as esperanzas nos proxectos futuros, as viaxes no papel e o aprender arte nas fachadas das catedrais.

É curioso. Coma se este diario fose a crónica dun adolescente ilusionado e fantasioso. Todo rematou co traballo. Non foi certo o que os meus familiares se


TANDY

BELUSO

GRUPO FROIZ

Telf 986 32 32 35





SOLIÑO

droguería perfumería

Telf 986 32 02 21- Beluso

AIRIÑOS

Eugenio Sequeiros, 30

Telf. 986 304 000

CANGAS

www.airinos.com

Manuel Leal García

MATERIALES DE CONSTRUCCIÓN

Telf. 986 320 763

Torre, 6 - Cela (BUEU)

MERCERÍA CARMIÑA

confeción y regalo

Rúa Nova, 116

Tfno 986 32 11 58

Beluso Bueu


empeñaron e predecir: agora comeza a túa vida de verdade. Nunca empezou. Foi un plaxio, case que exacto, doutras vidas. Seguindo un plan perfecto que por repetido non ten máis collóns que ser o mellor: "Mira o ben que lle foi ao teu primo Rodolfo, que xa é avogado". Cada día é unha fotocopia. Apagar o televisor ás dúas da madrugada é o mesmo que fichar. Acabouse o día. E volta a empezar.

A chegada de María e as nenas rompeume a vida. A pequena, Maite, ten oito meses e non para de sorrir e xirar a cabeza na percura de todo. Dasllo. Tírao ao chan. ¡E rise!. A Elisa xa ten seis anos, e é consciente de que é a irmá maior. Na desorde actual das nosas vidas, a posición máis madura é a dela.

Xa nada é igual, non lóxico; non controlado/bel. Os pañais, o biberón e a gardería. As risas inesperadas e a Elisa lembrándome que hai que comprar máis potitos. Estou encantado

María fartouse e viuse. Xa non aguantou máis viaxes a Aranjuez. De el. "Ti sabes ben que é polo meu traballo". Chorou esa noite e algunhas máis. Pouco falamos do asunto agora. Agora rimos e choramos cos recordos: a tía Julia e o seu mozo mulato, o chocolate dos domingos, as ausencias de papá, a morte da avoa Isabel (mamá Isabel)...

E sempre voltamos ao mesmo lugar. "Acórdaste daquel ano na praia..." Cando coñeceu a Verislav. E sorríu. "¿Que terá sido del?. ¡¿E de Lovorka, acórdaste de Lovorka?!".

Pois non. Ou non moito. O meu primeiro amor. Recórdoa guapa porque así a vían meus amigos. Amigos que xa non son os mesmos. María recordaba a Verislav, mentres eu tentaba visualizar a Lovorka nunha das fotos da miña memoria. Morena e baixiña. María insistía en que faciamos unha parella perfecta, que se lle caía a baba cando nos vía paseando collidos da man. E entón díxoo: "queríate porque tiñas vida".

E recordeina.

E recordei en que caixa e en que armario.

Apenas aguantei a emoción -adolescente- de ler o papel, adolescente. María deitouse. E eu corrín.

Lino enteiro. E agora sei cousas que souben, e que non recordaba. Pero non


Digna Ferradanes Piñeiro

FARMACIA

Rúa Nova (edificio Fisa)- Telf 986 32 08 50 - Beluso

COMERCIO
Stylo
Rúa Nova de Arriba, 111 - BELUSO
Tel. 986 32 07 22

CARNICERÍA
CHARCUTERÍA
CARLOS
Especialidad en: carnes de ternera, cordero y cerdo
Carretera da Igrexa, 112 - telf 986 32 05 33 - Beluso

SUPERMERCADO
O CRUCEIRO
AUTOSERVICIO
Rosa, 8
Tfno 986 321 684
Beluso

historia familiares coma a da tía Julia e o seu peculiar escribidor, que por repetidas eran xa anécdotas miñas. Revivín o enfrontamento co mariñeiro, cando perseguía a un rapaz cun remo porque lle enchía a gamela de areas. As miñas mini-excursións buscando tesouros arqueolóxicos locais. As discusións con papá. As gilipolleces de Rodolfo, que xa naquel tempo era un estirado. Como o seu pai quería que fose. Recoñecín á María adolescente. E volvín sorrir como xa antes tiñamos sorrido.

Eu tocaba a guitarra. E cantaba.

E souben que quixera ser escritor.

Recordei a cara de Lovorka cando lle contaba as miñas viaxes futuras ou algunha das historias que me pasaban. As miñas reflexións. Como me susurraba ao oído "deberías escribir esto". "Si me lo cantas te doy un beso".

Prometinlle mil e un contos. Que lle escribiría todos os días. Que se quedase. Que a quería. Que iría.

Foise. E deixoume o susurro e o bico pintado de azul no meu diario.

Recordei setembro. Acabaronse as miñas conversas con calquera. Acabouse cantar, a praia e os recordos doces. Xamais volvín escribir. Nunca lle escribín.

Recordei ao meu pai, de pé, no salón. Eu chegaba de despedirme sen permiso. Miña nai tapaba a cara tombada no sofá, tentando parar o segundo dos puñetazos que puiden ver desde a porta. O terceiro leveino eu.

Cando volvín recuperar o sentido, os gritos xa se apagaran. María limpaba os fíos de sangue da cara de mamá. Mamá Isabel tentaba arrastralas ao piso de arriba, "porque quedarse é peor. Non o fagades máis difícil". El saloucaba sentado nunha silla, os cóbados apoiados nos xeonllos e coas palmas das dúas máns enxugando as bágoas. Ao seu lado estaba o tío Rodolfo, consolándoo e dicíndolle que non fose maricón. Que un tío non chora. E que fixera o que xa tiña que ter feito había tempo, porque polo que se vía, as dúas irmás eran moi liberais. Que se empezaba deixándolle facer aos fillo o que quixeran e acabábase coma el, cuns cornos así de grandes postos por un medio negro que non levanta un palmo do chan.

Unha escena que tivera o seu comezo e o seu nudo, pero á que aínda non se lle puxera un desenlace. Non me plantexei que no aire se respiraba unha búsqueda de solución. Simplemente actuei por impulso. Levanteime e abalanceime sobre el.

AUTOSERVICIO
Y PANADERÍA
GUERRA
EMPANADAS Y ROSCAS
Telf 986 32 01 15 - Beluso

Golpeeino con toda a furia dos meus dezasete anos, e só tivo forzas para parar a man que o tío Rodolfo me dirixía. Boteinos a patadas da casa de verán. Dicíndolle que se fose coa súa puta e non voltase. Que nunca máis queriamos volver a velo. Mamá Isabel convenceu a mamá para que non o denunciase. "¡Que dirá a xente se o pai dos teus fillos durme no cárcere!". Nin sequera o descubrimento de que non era a primeira paliza a fixo afrouxar na súa postura.

Tardamos unha semana en volver á cidade, deixándolle o tempo suficiente para recollera as súas cousas de casa. Pero xa non poidemos volver a ela. Porque non era nosa. Como tampouco o era a clínica que fora do avó Francisco (Papá Paco). Un día calquera de hai moitos anos, el chegou a casa cun papel que lle convertía no único propietario. Como el era odontólogo e mamá, de xeito temporal, non podería seguir exercendo de auxiliar polo do embarazo pois... E mamá firmou.


CONCERTO DA KINKY BEAT

Nunca nos deu un duro. Non sabemos como pero o negocio foi abaixo dun día para outro, e non daba beneficios. Nunca máis os deu. E parece que, coas poucas ganancias que obtiña, apenas podía manter o seu flamante BMW e a súa nova casa no barrio máis exclusivo da cidade.

Ninguén contratou a unha auxiliar de clínica de corenta e cinco anos. A pensión e os aforros de mamá Isabel duraron o que ela. Conseguín moitos traballos que pronto foron o mesmo, pero que nos permitiron mal vivir un pouco mellor. María non puido e non quiso soportar nin a miseria nin o novo barrio. Abandonou o barco.

carnicería
ternera
cordero
cerdo
J. Antonio Nieto Moreira
Encarna Iglesias Cádiz
Tfno. Casa 986 323 495
Tfno, Carnicería 986 322 463
Tfno Móvil: 619 294 135
COMPRA Y VENTA DE GANADO
BELUSO-BUEU-PONTEVEDRA

BUEU OPTICA
ÓPTICOS OPTOMETRISTAS
Pazos Fontenla, 51
Telf 986 390 002 Telf-fax 986 322 067
e-mail: eblanco@cnoo.es

EB
EUGENIO BLANCO
ÓPTICOS OPTOMETRISTAS
TERAPIA VISUAL
Eduardo Vincenti, 6
Tel. 986 32 08 67
e-mail: ebopticos@cnoo.es
36930 BUEU
Pontevedra

Buscou traballo e atopou un marido detrás da barra dun bar.
Agora rexento unha cafetería no barrio, que abre ás cinco da mañán para darlle o derradeiro chocolate da noite aos estudantes. Eu xa non estou a esas horas, deso encárgase o meu primo Rodolfo, que non quiso seguir mantendo un proceso laboral de escravo coa súa espera del pasante. Relaxouse e converteuse en mellor persoa. É un bó compañeiro, traballador e atento, e gracias a el vou poder tomar as miñas primeiras vacacións nos últimos doce anos.
Despois de lelo souben que necesitaba un derradeiro capítulo. Un final. Foi toda unha experiencia voltar a escribir neste diario. Agora cumprirei a miña segunda promesa e lle mandarei a primeira carta.
¿Que terá sido dela?. Nunca me escribíu.

Anguiám, J.R.


CONCERTO DE ARDENTÍA

TINTORERIA
LAVANDERIA
HITECH
C/ Montero Ríos, 199
Telf 986 32 30 62
Banda do Río
BUEU
Mendez Nuñez, 2
CANGAS

PASQUET
LOGAR
Carpintería
MUEBLES DE COCINA
ARMARIOS EMPOTRADOS
VENTANAS
TARIMA FLOTANTE
AVD. DE CANGAS, 10 BUEU
Tlf/Fax 986 32 00 44
AVD. FRAGOSO 87-89 VIGO
Móvil 653 88 65 48

Café - Bar
EL PESCADOR
Tapas variadas
Pescados de la Ría
Vino Ribeiro y Albariño
Tinta Femia
Alfonso Castelao, 6 Telf. 986 32 42 69 ·Bueu



## FREDI [CLOWN]

martes 9 agosto - 19.00 - cabana de pichu (area de bon)

Fredi é un mozo artista galego que, como ben amosa no seu espectáculo de debú Circanelo, domina diversas técnicas artísticas vinculadas ao Novo Circo.

O teatro xestual, a danza, a acrobacia, os malabares e outras disciplinas circenses, como o mimo ou o clown, combínanse á perfección para crear unha historia absurda, tola e enormemente divertida sobre un artista con unha única intención: presentar o seu número a toda costa e demostrar ao seu amado público todo o que é capaz de facer.

Neste desesperado intento, este personaxe de múltiples recursos atoparase cunha serie de impedimentos que irá solucionando dun xeito un tanto particular, axudado, en ocasións, pola participación do público. Todo isto presentado con moito humor e buscando, en todo caso, a sorpresa e a relación coa audiencia.

Entre a traxectoria de Circanelo, ademais de visitar diversas vilas e cidades, cabe destacar a súa participación no verán de 2004 no Festiclown (Compostela), sección Maraclown, e no Festival De Gorra (Compostela).


O PÚBLICO NO 2004

CORPBISO S.L.
AREA DE SERVICIO
Meroil
SABARIGO - CELA - BUEU
TELF 986 32 41 38 FAX 986 32 43 71

GRANICAST
ENCIMERAS
PELDAÑOS
LAPIDAS
FACHADAS Y
PANTEONES
Alto da Portela - PARQUE EMPRESARIAL deCASTIÑEIRAS - BUEU
Tfno 986 323 426
* 670 251 76 *670 251 768

CASA
MACILLOS
FUNDADA 1958
Saralegui, 24 Tel. 986 30 05 17
CANGAS

AUTO-ESCUELA
SEIXO
c/Canibelos, 3 Ent-A
986 32 15 59
BUEU

## EVA CABO [CONTACONTOS]

martes 9 agosto - 21.00 - praza do concello (bueu)



A contacontos luguesa Eva Cabo González comezou a subirse aos escenarios da man de Tareixa Campos e da Aula de Teatro Universitario de Lugo. Posteriormente fórmase como contacontos con José Campanari, con quen realiza dous obradoiros intensivos.

A finais de 1999, forma o dúo de contacontos Cozorellos ó Saco coa súa inseparábel Esmeralda Quiroga, presentando ó longo de varios anos distintas propostas por toda Galicia, entre as que destacan Contos para levar nunha maleta e Contos polos pelos. Así, entre 1999 e 2003 teñen realizado contadas en multitude de pubs, locais, concellos, bibliotecas, feiras do libro...

En 1999 forma, xunto a outros actores e actrices lucenses, a compañía Teatro das Argalladas, e actúa na súa peza de debut. No ano 2002 participa igualmente na creación do grupo de monicreques lugués Titiritraun, coa posta en escena da peza Hai ogros na Lúa?, de creación propia. Un ano despois estrean Pilarín, o dragón e San Xurxo o campión, coa que seguen traballando por todo o país.

En 2004 Eva Cabo aparca momentaneamente Cozorellos ó Saco e inicia a súa traxectoria como contacontos en solitario. Participa no programa de animación á lectura da Biblioteca Provincial de Lugo.

No curso 2004/05 realiza diversas sesións de contacontos e animacións para a Editorial Galaxia. E xa no 2005, participa co seu espectáculo da palabra na I Semana da Oralidade de Lugo.

TRADITENDA
Traxe Tradicional e Complementos.
Pz / Rafael Dieste nº 2 Baixo 15009 A Coruña
Tlf / Fax 981175001 traditenda@mundo-r.com

AgroManolo
- piensos - pollos
- cereales - canarios
- semillas - etc..
c/ A.R. Castelao,11 -BUEU
✆ 986 32 31 59

Montero Rios, 4
CANGAS
Concepción Arenal, 54
MOAÑA
Mercaroupa
E. Vincenti, 1 - 15
BUEU

SANEAMIENTOS
CALDAS, S.L.
* Saneamientos
* Materiales de Construcción
* Transportes
Rúa A Pedra, 3 - 1ºc - Av/ Pazos Fontenla, 72 -1º C
Tel y Fax 32 07 50 - Tel.32 06 22
BUEU -(Pontevedra)



falcatruada
imaxe e música
deseño e fotografía * edición musical * deseño web
imprenta * material publicitario e textil * duplicación de cds
xestión concertos * management * selo discográfico
www.falcatruada.com

ESTABLECIMIENTOS
DAVILA
desde 1938
Rúa Nova de riba, 68 Beluso-Bueu
Tel. 986 32 41 76 **Tel/FAX 986 32 09 48

CHURRASCO
SOL Y
MAR
se atienden encargos
Costa Figueiron Beluso
Tfno 986 32 12 61

## ROI, O CAGABOLAS [CLOWN]

mercores 10 agosto - 19.00 - praia de beluso



Roi é un mozo malabarista ferrolán que representa á nova escola popular de artistas de rúa e de novo circo que se ven desenvolvendo en Galicia nos últimos anos.

Habitual de festivais, festas populares e eventos lúdicos de todo tipo, Roi domina á perfección diversas técnicas: bolas, mazas, diábolo, lume, etc..., o que converten os seus espectáculos en divertidas mostras do bonfacer na arte dos malabarismos, sen caer na pesadume do virtuosismo, combinado con outras técnicas artísticas, tales como o clown ou o teatro de rúa.

No seu divertido espectáculo de debú Roi, o Cagabolas, dirixido principalmente a público familiar, o noso malabarista crea unha personaxe imaxinaria da cal xorden infinidade de aparellos cos cales facer malabares.

Froito da súa versatilidade, neste espectáculo Roi mostra a súa destreza tanto coas bolas, coas mazas, co lume, co monociclo e coa globoflexia, incluíndo un novidoso número sobre unha estrutura con forma de uve sobre o chan e, sobre todo, sen esquecer o humor e a participación de e con o público.

New Age
Centro de estudios y traducciones
Xoan Carballeira 16 - 2D
Tfno 986 32 40 01 BUEU
Móvil 65 75 85 703 PONTEVEDRA

Ferretería - Droguería
Novas
Copiamos chaves de seguridade
Máis de medio século ao seu servizo
Eduardo Vincenti, 21 - BUEU

CALZADOS
Riobó
ZAPATOS
BOLSOS
COMPLEMENTOS
Pazos Fontenla 36
Telf.: 986 32 02 67

TALLERES
FERMAR
reparación general del automóvil
Rúa Nova, 101
telf 986 32 21 08 - Beluso

Instaladores Autorizados
inteCal
CALEFACCIÓN S.L
CALEFACCIÓN
FONTANERÍA
ELECTRICIDADE
GAS
Montero Ríos, 153 Tfno/Fax 986 32 00 29
e-mail: intecal@eresmas.com
36.930 BUEU

Alfredo García Castro
MATERIALES DE CONSTRUCCIÓN
ALMACEN Y EXPOSICIÓN
Ramón Bares 72 BUEU
Telf. 986 320 125




J.M. Comedeiro
Artesanos del Mueble
J.M COMEDEIRO
MUEBLE AUXILIAR
MUEBLES DE COCINA
Ramal dos Galos, 7 Tfno 986 32 29 06
BUEU

## MOVEMENTO DOS SEN TERRA (DOCUMENTAL)

xoves 11 agosto - 21.00 - o couto (beluso)




***VALOR HUMANO: LOS SIN TIERRA, POR LOS CAMINOS DE AMÉRICA***

O público do Festival de Málaga premiou ó documental Los Sin Tierra, de Miguel Barros, que denuncia o sangrante reparto territorial do inmenso Brasil.

***SINOPSE***

Xurdido fai 20 anos en plena ditadura militar en Brasil, o Movimento Sem Terra (MST) aglutina ós excluídos da sociedade brasileira. Segundo Nacións Unidas, Brasil encóntrase á cabeza dos países cunha peor distribución da riqueza. O 50% das terras cultivables están en mans do 1% da poboación; creando así millóns de familias sen terra e sen futuro que se agolpan en favelas rodeados de pobreza e violencia. O MST propón unha 'reconquista' do campo do cal foron expulsados e a creación de asentamentos auto sostidos con escolas e atención médica, cunha organización sempre asemblearia.

O MST foi retomando millóns de hectáreas nos últimos anos. Noutras palabras, os integrantes deste movemento conseguiron recuperar a dignidade roubada polos grandes latifundistas e as oligarquías dominantes. Brasil, hoxe en día, aínda non tivo unha verdadeira reforma agraria. Esta loita pola terra xerou centos de mortes entre o campesiñado. Pero o MST segue medrando e organizándose.

***DIRECTOR***

Axuntando as súas dúas paixóns -o cine e as viaxes- Miguel Barros traballa como documentalista, axudante de dirección e guionista en distintos países ó longo dos últimos 15 anos. Nunha destas viaxes, coñece a membros do MST, convivindo con eles durante un ano. Conmovido pola enorme forza deste movemento sente a necesidade de contar a súa historia, pouco coñecida no noso país, pero modelo e referencia. Miguel Barros -moi vinculado a Beluso, onde reside por temporadas-, espera que este sexa o primeiro dunha serie de documentais sobre a nova realidade social latinoamericana.

PELUQUERÍA DE CABALLEROS
L.M
PELUQUERO
986 322 056
Pazos Fontenla, 37 bajo
BUEU

Bocatería La Esquina
Bocadillos, hamburguesas y platos combinados
c/Ferrol · Esq. Bayona · CANGAS
Telf. 986 304 725

CANDI
Estudio Fotográfico
ROSALÍA DE CASTRO, 6 bajo
Tel. 986 320 702
Móvil: 661 841 965



HAMBURGUESERÍA
PRAIA
Avda. de Ourense, 80
Telf. 986 304 665
Cangas

Tus libros en
MIRANDA
TU LIBRERÍA EN EL CENTRO DE BUEU
libreriamiranda@telefonica.net
Pazos Fontenla, 35 Telf 986 32 05 04

Floristería Azahar
Montemogos, 154C
986 324 473 - 679 158 548
BELUSO

## REVER-K SOUND SYSTEM (BARCELONA)

venres e sabado - despois dos concertos - 04.00

Dj. Brote e Dj. Chaman, con longas carreiras en solitario, únense para dar forma a Reber-k Sound System.

A través dos medios tecnolóxicos, ofrécennos unha sesión de ritmos quentes que engloban músicas como o dub, reggae, ragga, hip hop, jungle, drum & bass, break beat e moito máis, todo isto pasado polo batedor e decorado cunha ampla galería de samplers, secuencias, sintetizadores e efectos, conflúe nun desenlace festivo, suxerinte e cheo de sensacións.



Por se isto fóra pouco, Reber-k Sound System acompañan a súa sesión cun despregamento de teas pintadas por Werens, recoñecido deseñador gráfico, que baixo a luz negra resaltan as súas cores, convertendo o escenario das súas actuacións nun espazo audiovisual onde exercitar os sentidos do público, dunha maneira amena e festiva.

Juan Villar
PELUQUERO
Ramal dos Galos, 9
telf. 986 32 43 74
BUEU

Cafetería Jong Kong
Desayunos
C/Pazos Fontenla

Pescados de la ría, tapas variadas y vinos del país
Casa Arturo
Rúa Nova de Arriba, 59
BELUSO (BUEU)
Telf 986 324 486

CANDELA
Cantina Mestiza
Vinos & pinchos
Martin Codax nº12 - Churruca

## CONTRA EL VIENTO

rock – Bueu

"Contra el viento" é un grupo de mozos de Bueu que se xuntaron fai pouco máis dun ano para pasalo ben, e de paso facer o que lles gustaba, que era tocar.

Pouco a pouco foron xurdíndolle concertos, co de "Bueu moda" ou o da "Festa dos mozos de Cela" o grupo comezou a saber o que era tocar en directo con todos os problemas que iso conleva. Foron obtendo un pouquiño de experiencia, a súa música foi evolucionando e os seus compoñentes foron elaborando un estilo propio ata acadar o rock fresco e xove que agora tocan e reflexan nas súas propias cancións, como demostraron en concertos como o de "Troula na Banda" ou ultimamente no do "Bar Beni". Aínda que as súas idades oscilan entre os 14 e os 17 anos poderíase dicir que saben ben o que fan.



Despois de algúns cambios o grupo quedou así:

Javier Lobeira, "***Javi***": voz
***Juan*** Santiago: batería
***Pablo*** Lamosa: guitarra solista
Manuel Rey, "***Manú***": guitarra rítmica
Carlos Lamosa, "***Penoucho***": teclados
Sergio Carballo, "***Gary***": acordeón
Victor Ave, "***Roxo***": baixo
E sempre coa axuda de ***Yago*** co son.

AS DE GUÍA
BUEU
Pazos Fontenla,70
986 324 488

TABACOS
EXPENDIDURÍA
Isabel González Vázquez
Montero Ríos, 183 - BUEU TELF. 986 323 133

BAR CHIAPAS
CANGAS



Popelin
TELAS
DECORAMOS TU HOGAR
Confeccionamos prendas de vestir, cortinas, estores...
DISFRACES EN ALQUILER
Alexandre Bóbeda, 25
Telf 986 32 25 94 Bueu

GIMNASIO VIDA
* AEROBIC * ESTIRAMIENTOS * STEP
* GIMNASIA DE MANTENIMIENTO
* MUSCULACIÓN * TAEKWONDO
* MASAJES * FITNES * TAI CHI
Xoán Carballeira, 10
telf 986 32 20 08 - Bueu

Restaurante - Bar
AREEIRO
Avda. Ourense, 89
CANGAS
TELF. 986 303 091

Café Bar Meco
Eduardo Vincenti, 4
Telf. 986 322 897
Bueu

## LAVORDA

pop/rock – Cangas



